



Deputación
DA CORUÑA

Nº13

20/09/2017

Boletín de Medio Ambiente

Complexo Húmido de Corrubedo

Concello: Ribeira e Porto do Son

Características: Parque natural, ademais de Lugar de Importancia Comunitaria, zona húmida Ramsar e zona ZEPA, englobando especies coma a "pillara das dunas".

A duna móbil deste espazo aberto entre a rías de Arousa e a de Muros-Noia resalta polas súas dimensións con máis dun kilómetro de lonxitude. A acompañan dúas lagoas: a lagoa doce de Vixán e a salobre de Carregal, con extensas brañas e zonas húmidas de importancia internacional.



Noticias

2.000 quilos de lixo no primeiro botellón do curso

Os traballadores de limpeza viaria do Concello de Coruña recolleron a mañá do venres día 15 de Setembro preto de 2.000 quilos de residuos dos céntricos xardíns de Méndez Núñez. Os empregados tardaron máis de dúas horas en recoller os cuantiosos restos de botellas de vidro, así como bolsas e botellas de plástico espaxadas polo chan.

Os veciños e paseantes da zona levantáronse molestos ao ver o estado no que quedara a zona tras a noite de botellón, e esixiron que se siga a lei e este tipo de celebracións prohibase, posto que non está permitido beber bebidas alcohólicas na rúa.

Fonte: Lá Voz de Galicia

Ata 5.000 mortes anuais en Europa polas emisións de diesel

Ao redor dunhas cinco mil mortes débense a que as emisións de óxido de nitróxeno (NOx) son moito máis altas que os valores límite establecidos. Máis do 90% desas mortes prematuras son causadas por enfermidades respiratorias e cardiovasculares relacionadas coa exposición a partículas finas, das que o NOx é un precursor crave.

A situación empeorou nos últimos anos, pois "a proporción de coches diésel na UE aumentou ata alcanzar preto do 50 % da frota", co que actualmente hai máis de cen millóns deses motores circulando en Europa, o que supón "o dobre que no resto do mundo".

Fonte: El Mundo

A Administración Trump abre o Ártico a estudos sísmicos

O Refuxio Nacional de Vida Silvestre do Ártico, unha zona situada no estado norteamericano de Alaska que ocupa preto de 80.000 km², permaneceu cerrado a perforacións petrolíferas durante décadas, polo medo aos efectos negativos que as prospeccións puidesen carrexar en osos polares, caribús e demais animais salvaxes da zona.

Pero un memorando do Departamento de Interior dos Estados Unidos propón agora levantar as restricións canto a exploracións sísmicas. Expertos consideran isto unha apertura do Ártico a extraccións petrolíferas nun futuro non moi afastado. A medida, de ser aplicada, debe pasar por unha serie de trámites, que poderían tardar ata 18 meses, antes de que as compañías poidan presentar ofertas para realizar as exploracións.

Fonte: The New York Times

Cascas de limón convertidas en plástico

Un novo bioplástico, desenvolvido por un grupo de investigadores do Instituto Catalán de Investigación Química, supón unha alternativa para o bisfenol A, un plástico considerado altamente preocupante pola Axencia Europea de Sustancias e Mesturas Químicas e que países como Estados Unidos e Francia prohibiron por consideralo potencialmente canceríxeno e un material non renovable ao obterse a través do petróleo.

Este innovador material obtense a base de limoneno, un aceite extraído das cascas de limón, e CO₂, materiais renovables e fáciles de atopar na natureza. A vantaxe principal deste novo produto é a súa rápida descomposición ao estar composto por materiais naturais, polo que é biodegradable e ecolóxico.

Fonte: La Vanguardia

O Diesel reina en Galicia

Dos preto de 28.000 coches adquiridos en Galicia entre xaneiro e agosto de 2017, o 60% foron vehículos con motor a gasóleo. A pesar de que supón unha baixada do 7% respecto ao ano anterior, segue considerándose un número alto especialmente debido ao escándalo das contaminacións reais na estrada destes vehículos e a que o Plan PIVE, de axudas á adquisición de vehículos, exclúeos.

Doutra banda, a adquisición de coches gasoliña sufriu unha forte subida do 14%. Segundo os expertos esta subida débese ao achegamento de prezo dos combustibles e a concienciación da cidadanía da contaminación dos coches diesel. Canto a vehículos híbridos e eléctricos experimentouse unha forte subida respecto ao 2016, un 85% e 64% respectivamente.

Fonte: El Correo Gallego

Sabes reciclar?

Comproba con este test os teus coñecementos á hora de separar os residuos nas diferentes fraccións:

[Pica aquí!](#)

Fonte: ABC

Sabías que...

Si non reciclas o vidro desperdiciase un 50% de auga e contámíase un 20% o aire?

Reciclar vidro é fundamental para o noso futuro xa que tarda un millón de anos en degradarse e é 100% reciclable. En todas as cidades hai centros de reciclaxe, e mesmo danche diñeiro si levas as botellas baleiras.

Unha valedora dos animais de nove anos

Lucía, unha nena pontevedresa de nove anos, dispúxose a facer galletas para comercializalas nunha feira. Axudoulle a súa nai, que lle recomendou que doase o diñeiro para algunha causa útil. Lucía aceptou e pediulle que o diñeiro fose para a Protectora de animais Os Palleiros.

Sacou vinte euros coas galletas e a súa avoa deulle outros dez. Con esa cantidade, fixo chegar ata a protectora un lote de produtos de limpeza, salchichas para os cans e penso para os gatos. A nai estaba sorprendida de que Os Palleiros agradecece tanto “unha doazón tan pequeniña”. Pero a presidenta da entidade sinalaba que o mérito está en que haxa valedores dos animais tan novos.

Fonte: La Voz de Galicia

Unha semana de alternativas ao coche

A Semana da Mobilidade arrincou o pasado venres na Coruña e durará ata o vindeiro luns día 25.

Para promover o uso do transporte sustentable e achegar aos veciños os medios de desprazamento alternativos ao coche, o Concello organiza diversas actividades: como xornadas de portas abertas na cocheira da Compañía de Tranvías, monólogos nos autobuses, carreiras para comparar tempo e gasto ao desprazarse en transporte público ou bicicleta fronte ao coche, visitas á sala de pantallas da Policía Local, ocupacións de espazos nos que habitualmente hai automóbiles ou a apertura dunha consulta para definir a localización de estacionamentos de bicicletas.

Fonte: La Opinión Coruña

Boas Prácticas

Unha brigada ciclista inspecciona Cambre

Cinco novos voluntarios encárganse desde o pasado mes de agosto de percorrer en bicicleta todo o municipio de Cambre para atopar e denunciar atentados contra o patrimonio histórico, artístico e natural. Bautizáronos como a “Brigada Natural e de Conservación do Patrimonio”.

A súa función consiste en inspeccionar, controlar, documentar con fotografías e avaliar o estado do medio natural e o patrimonio existente no municipio.

Fonte: La Voz de Galicia

Axenda Ambiental

- 26/09/2017 – 29/09/2017
Expobiomasa. Valladolid
- 27/09/2017 Foro sobre
deconstrucción 2017. Madrid
- 27/09/2017 – 28/09/2017 EIP
Water Conference 2017. Oporto.
- 29/09/2017 Convocatoria 2018 de
Premios Red Natura 2000.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal